



Saúde laboral

Boletín nº 62

Nº 62 SETEMBRO 2025 CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL www.cigsaudelaboral.org

MONOGRÁFICO SECTOR CONSTRUCCIÓN

SUMARIO

INFORMACIÓN

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DAS PERSOAS TRABALLADORAS EXPOSTAS AO AMIANTO. *Disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.*

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

A FONDO

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS CONTIDOS DO RD 396/2006, DE 31 DE MARZO, PARA A SÚA OBRIGATORIA CONCORDANCIA COA DIRECTIVA EUROPEA 2023/2668. GRUPO DE TRABAJO AMIANTO da CNSST

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

INFORMACIÓN

REAL DECRETO 483/2025 DE 17 DE XUÑO POLO QUE SE ESTABELECE OS REQUISITOS E SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA RECOÑECER O DEREITO Á COMPENSACIÓN ECONÓMICA ÁS VÍTIMAS DO AMIANTO.

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

FINANCIADO POR:



Real Decreto 483/2025 de 17 de xuño

**polo que se establecen os requisitos
e se regula o procedemento para
recoñecer o dereito á
compensación económica ás
víctimas do amianto**



Confederación Intersindical Galega



Real Decreto 483/2025 de 17 de xuño polo que se establecen os requisitos e se regula o procedemento para recoñecer o dereito á compensación económica ás vítimas do amianto.

Este Real Decreto ten por obxecto desenvolver o disposto na Lei 21/2022 de 19 de outubro, de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto, regulando a determinación das persoas beneficiarias, requisitos, procedemento para o recoñecemento do dereito á compensación económica e o seu importe.

PERSOAS BENEFICIARIAS, serán as que non teñan recibido indemnización polos danos derivados da exposición ao amianto e:

Teñan recoñecemento administrativo ou xudicial firme dunha pensión de incapacidade permanente en calquera grao derivada dunha continxencia profesional causada por algunha das patoloxías previstas no anexo II ocasionada pola exposición ao amianto.

Teñan recoñecido por sentenza firme o dereito ao cobro dunha indemnización por algunha das patoloxías do anexo II sempre que non se puidese executar a sentenza total ou parcialmente e non transcorrerán 5 anos dende a data do auto de insolvencia e a entrada en vigor da Lei 21/2022 de 19 de outubro.

Non incluídas nos parágrafos anteriores cuia exposición ao amianto sexa de orixe laboral, foran diagnosticadas de calquera das patoloxías do anexo II e así conste no certificado previsto no anexo II. A estes efectos será necesario que antes da emisión do certificado a persoa traballadora conste inscrita no Rexistro de Traballadores Expostos ao Amianto (RETEA) ou rexistros equivalentes. *(Esta inscrición acredita que a orixe da enfermidade é a exposición ao amianto no ámbito laboral para persoas afectadas de mesotelioma ou asbestose con repercusión funcional moderada ou severa; no caso de persoas diagnosticadas de cancro de pulmón ou larinxe deberán acreditar mediante o certificado previsto no anexo II que a exposición ao amianto no ámbito laboral foi a causa de ditas patoloxías).*

Non incluídas nos parágrafos anteriores cuia exposición sexa de orixe ambiental ou doméstico e padezan mesotelioma ou asbestose con repercusión funcional moderada ou severa segundo o anexo II.

Causahabientes das persoas mencionadas anteriormente sempre que estas faleceran sen presentar a solicitude da compensación económica e que nin as vítimas nin causahabientes teñan percibido indemnización algunha polos danos derivados da exposición ao amianto.

O dereito a solicitar a compensación económica prescribirá en cinco anos. O prazo cómputase dende:

A firmeza da resolución administrativa ou xudicial recoñecendo a pensión derivada da continxencia profesional ocasionada pola exposición ao amianto.

A firmeza do auto xudicial de insolvencia, total ou parcial, ditado en execución da sentenza firme que recoñeza a indemnización por danos á saúde ocasionados pola exposición ao amianto ou dende o diagnóstico da patoloxía relacionada no Anexo II.

Contía e pagamento

Segundo o baremo do Anexo I, de tipo indemnizatorio, non prestación económica da Seguridade Social.

Abono en pago único mediante transferencia bancaria a unha conta de titularidade da persoa beneficiaria.

Regras para fixar a contía económica:

- se a contía económica recoñecida por sentenza é inferior á contía resultante de aplicar o baremo, aboarase a recoñecida pola sentenza.
- Se a contía económica recoñecida pola sentenza é superior á contía resultante de aplicar o baremo, aboarase a contía resultante de aplicar o baremo.
- Do importe da compensación económica descontarase a cantidade aboada como execución parcial da sentenza.
- No caso de causahabientes a compensación será a que teña correspondido á persoa falecida e será única para todos eles.

PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A SOLICITUDE DE COMPENSACIÓN ECONÓMICA

1- SOLICITUDE DO CERTIFICADO DE PATOLOXÍAS DERIVADAS DA EXPOSICIÓN AO AMIANTO, SEGUNDO O ANEXO II. PRESENTARASE NA CONSELLERÍA DE SANIDADE. ADXUNTAR OS SEGUINTE DOCUMENTOS SEGUNDO O CASO:

- Resolución administrativa ou xudicial firme que recoñeza a pensión derivada de continxencia profesional.
- Sentenza xudicial firme que recoñeza o dereito ao cobro dunha indemnización.
- Medios de proba acreditativos da exposición ao amianto e da relación de causalidade con algunha das patoloxías previstas no Anexo II.
- Os causahabientes aportarán o Libro de Familia ou certificación do Rexistro Civil. No caso de parellas de feito, certificado de empadramento cando non existan fillos ou fillas en común, certificación da inscrición nalgún dos rexistros específicos existentes nas comunidades autónomas ou concellos. En caso de cónxuxes separadas xudicialmente, excónxuxes por nulidade ou divorcio e mulleres unidas como parella de feito que foran vítimas de violencia de xénero no momento da separación xudicial, divorcio, nulidade ou extinción da parella de feito deberán acreditar esta condición segundo o artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Informes médicos e calquera outra documentación acreditativa das patoloxías relacionadas no Anexo II ou da orixe vinculada á exposición ao amianto.
- Autorización da persoa interesada para acceder á historia clínica a efectos de emitir o certificado de diagnóstico de patoloxías derivadas da exposición ao amianto, agás nos casos nos que a persoa solicitante sexa causahabiente.

2- SOLICITUDE DE COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR DANOS E PREXUIZOS SOBRE A SAÚDE RESULTANTES DA EXPOSICIÓN AO AMIANTO, DIRIXIDA AO INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL. ADXUNTAR OS SEGUINTE DOCUMENTOS:

- Certificado de patoloxías derivadas da exposición ao amianto, segundo o Anexo II.
- Sentenza xudicial firme de recoñecemento do dereito ao cobro dunha indemnización polos danos ocasionados pola exposición ao amianto, así como a resolución xudicial na que se declare a insolvencia, total ou parcial, dos responsables ou documentación acreditativa da imposibilidade de executar a sentenza e no caso de execución parcial o importe executado.
- Os causahabientes aportarán o Libro de Familia ou certificación do Rexistro Civil. No caso de parellas de feito, certificado de empadramento cando non existan fillos ou fillas en común, certificación da inscrición nalgún dos rexistros específicos existentes nas comunidades autónomas ou concellos. En caso de cónxuxes separadas xudicialmente, excónxuxes por nulidade ou divorcio e mulleres unidas como parella de feito que foran vítimas de violencia de xénero no momento da separación xudicial, divorcio, nulidade ou extinción da parella de feito deberán acreditar esta condición segundo o artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Designación de representante no caso de que concorra máis dun causahabiente con dereito a cobro da indemnización.
- Declaración responsable de que nin a persoa afectada nin os seus causahabientes percibiron indemnización algunha.

3- TRAMITACIÓN:

O Instituto Nacional da Seguridade Social aplicará o baremo establecido no Anexo I en función das patoloxías derivadas da exposición ao amianto certificadas segundo o Anexo II.

No caso de que a persoa afectada sufra varias patoloxías das relacionadas no Anexo II, aplicárase o baremo que corresponda á de maior gravidade.

REVISIÓN DA COMPENSACIÓN ECONÓMICA

No caso de modificación do estado de saúde da persoa afectada por exposición ao amianto, que determine unha compensación de importe superior á previamente concedida (segundo o baremo do Anexo I), poderá solicitarse a revisión.

A solicitude deberá presentarse de igual forma que no caso xeral; deberá aportarse o certificado indicado no Anexo II emitido pola Consellería de Sanidade, agás que a persoa traballadora teña recoñecida pola nova patoloxía unha pensión por continxencia profesional orixinada pola exposición a amianto.

A revisión conlevará o abono da diferenza entre o importe da compensación abonada e a que corresponda co previsto no baremo do Anexo I para a nova patoloxía.

Os causahabientes da persoa afectada que teña sido indemnizada por unha patoloxía distinta ao mesotelioma poderán solicitar a revisión da compensación aboada cando antes do falecemento da persoa causante teña sido diagnosticada de mesotelioma, cancro de pulmón ou larinxe relacionados coa exposición a asbesto e non tivera solicitado a revisión. Os causahabientes terán dereito ao cobro da diferenza entre o importe da compensación aboada e a correspondente ao mesotelioma.

ANEXO I

BAREMO INDEMNIZATORIO

☐ **MESOTELIOMA TODAS LOCALIZACIÓNS:**

96.621,24 euros

☐ **CANCRO DE PULMÓN:**

64.414,16 euros

☐ **CANCRO DE LARINXE:**

48.310,62 euros

☐ **ASBESTOSE CON REPERCUSIÓN FUNCIONAL MODERADA OU SEVERA:**

32.207,08 euros

ANEXO II. CERTIFICADO DE PATOLOXÍAS DERIVADAS DA EXPOSICIÓN

Certificado de patoloxías derivadas da exposición ao amianto da Consellería de Sanidade ou órgano análogo da Comunidade Autónoma de _____ do INXESA no ámbito da cidade de _____ a efectos da compensación establecida no Real Decreto 483/2025, de 17 de xuño, polo que se establecen os requisitos e se regula o procedemento para recoñecer o dereito á compensación económica para as vítimas do amianto, (Lei 21/2022, de 19 de outubro, de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto).

1. DATOS DA PERSOA EXPOSTA AO AMIANTO

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
D.I.-NIE	Data de diagnóstico	Data de defunción

2. PATOLOXÍA DIAGNOSTICADA ORIXINADA POR AMIANTO

Persoas beneficiarias do artigo 3.1.a), b) o c) de ámbito laboral do Real Decreto 483/2025, de 17 de xuño.

- ☐ Mesotelioma todas localizacións.
 - CIE10: C45
 - CIE9: 158,163
- ☐ Cancro de pulmón.
 - CIE10: C34
 - CIE9: 162
- ☐ Cancro de larinxe.
 - CIE10: C32
 - CIE9: 161
- ☐ Asbestose con repercusión funcional moderada ou severa (TLC igual ou menor ao 69%, DLCO igual ou menor ao 59% ou necesidade de oxixenoterapia domiciliaria).
 - CIE10: J61
 - CIE9: 501
- ☐ Non está diagnosticado/a de ningunha destas catro situacións clínicas/patolóxicas.

Persoas beneficiarias do artigo 3.1.c) de ámbito doméstico e ambiental, do Real Decreto de 483/2025, 17 de xuño.

- ☐ Mesotelioma todas localizacións.
 - CIE10: C45
 - CIE9: 158,163
- ☐ Asbestose con repercusión funcional moderada ou severa (TLC igual ou menor ao 69%, DLCO igual ou menor ao 59% ou necesidade de oxixenoterapia domiciliaria).
 - CIE10: J61
 - CIE9: 501
- ☐ Non está diagnosticado/a de ningunha destas dúas situacións clínicas/patolóxicas.

3. CRITERIO SOBRE A ORIXE DA EXPOSICIÓN AO AMIANTO

- ☐ Ámbito laboral: Mesotelioma/asbestose con repercusión funcional moderada ou severa. Inscripción no Rexistro de Traballadores Expostos ao Amianto (RETEA) ou rexistros equivalentes dependentes da comunidade autónoma que corresponda ou das cidades de Ceuta e Melilla.
- ☐ Ámbito laboral: Cancro de pulmón ou larinxe de orixe laboral e inscrición no RETEA ou rexistros equivalentes dependentes da comunidade autónoma que corresponda ou das cidades de Ceuta e Melilla.
- ☐ Ámbito doméstico/ambiental: Mesotelioma/asbestose con repercusión funcional moderada ou severa.

ASINADO/SELO:

En _____, a _____ de _____ de 20____

Real Decreto 483/2025 de 17 de xuño

polo que se establecen os requisitos
e se regula o procedemento para
recoñecer o dereito á
**compensación económica ás
víctimas do amianto**

